



BOP

MÉRCORES, 22 DE OUTUBRO DE 2025

N.º 243

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

2025/CON_02/000105.- LUGO.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-2902 "LUGO - PONTE DE OMBREIRO", P.K. 0+000 A 2+580.

2025/CON_02/000108.- CASTRO DE REI - OUTEIRO DE REI.- REHABILITACIÓN DE FIRME CON REGOS CON GRAVILLA LU-P-1107 "CASTRO (LU-115) - RÁBADE (N-VIa)", P.K. 4+300 A 13+226

2025/CON_02/000002.- MONFORTE DE LEMOS.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-3201 "MONFORTE - SOBER", P.K. 0+814 A 2+540 E TRAMOS VILLO (267M)

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O devandito proxecto estará a disposición no portal de transparencia da Deputación Provincial <https://portaltransparencia.deputacionlugo.org>

Lugo, 17 de outubro de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2887

CONCELLOS

CERVO

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA PARA A SUBSTITUCIÓN DE PERSOA TRABALLADORA CON RESERVA DO POSTO DE TRABAJO, DE UN (1) SOCORRISTA (SUBGRUPO C2) PARA A PISCINA MUNICIPAL DO CONCELLO DE CERVO.

De conformidade co decreto de Alcaldía número 2025 - 1005, de data 07 de outubro de 2025, faise pública a convocatoria para o proceso de selección para a contratación de persoal laboral temporal, mediante contrato de duración determinada para a substitución de persoa traballadora con reserva do posto de traballo, de un (1) socorrista (subgrupo C2) para a piscina municipal do Concello de Cervo.

A convocatoria e as bases aprobadas están a disposición dos interesados no Rexistro Xeral do Concello de Cervo e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Cervo [<http://cervo.sedelectronica.es>].

O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días naturais contados a partir do día seguinte da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Cervo, 17 de outubro de 2025.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 2888

*Anuncio***CONVOCATORIA PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE TRABALLADORES/AS SOCIAIS, PERSOAL LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA O DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE CERVO.**

De conformidade co decreto de Alcaldía número 2025 - 1045 de data 17 de outubro de 2025, faise pública a convocatoria para o proceso de selección para a constitución dunha bolsa de traballo de traballadores/as sociais (grupo A, subgrupo A2), mediante contratación laboral temporal, polo sistema de concurso - oposición, para o departamento de servizos sociais do Concello de Cervo.

A convocatoria e as bases aprobadas están a disposición dos interesados no Rexistro Xeral do Concello de Cervo e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Cervo [<http://cervo.sedelectronica.es>].

O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Cervo, 17 de outubro de 2025.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 2889

GUNTÍN*Anuncio***CONVOCATORIA DE EMPREGO: 1 PEÓN FORESTAL. PLAN DIPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025**

O Concello de Guntín por Resolución de Alcaldía de data 16.10.2025 aprobou a convocatoria e por Resolución de Alcaldía de data 16.10.2025 aprobou as bases para seleccionar 1 **PRAZA DE PEÓN FORESTAL**.

- Modalidade de contratación: a modalidade do contrato será laboral temporal, na modalidade de circunstancias da produción ao amparo do Real Decreto-Lei 32/2021.
- Duración: 6 meses
- Xornada: completa
- Salario: a retribución mensual bruta será de 1.381,33 € incluído o rateo das pagas extra.
- Funcións: propias de peón forestal segundo se recolle nas bases.
- Prazo para presentación de solicitudes: **5 días hábiles** a partir do día seguinte da publicación do presente anuncio no **BOP DE LUGO**

No caso de solicitudes por correo, rógase aviso por fax ao 982 32 00 88.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : www.guntin.es
- oficinas xerais do Concello de Guntín.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Guntín

Guntín, 16 de outubro de 2025.- O alcalde, Ángel Pérez Rodríguez.

R. 2890

O PÁRAMO*Anuncio*

D. Benjamín García Toirán, Primeiro Tenente de Alcalde do Concello do Páramo, no exercicio por suplencia das competencias de Alcaldía de conformidade co disposto no artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, exponse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2024, por un prazo de quince días, durante os cales quen se estimen interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

Os documentos integrantes da Conta Xeral poderán consultarse no Portal de Transparencia do Concello do Páramo, albergado na seguinte dirección electrónica:

<https://concellodeparamo.sedelectronica.gal/transparency>

O Páramo, 17 de outubro de 2025.- O primeiro tenente de alcalde, Benjamín García Toirán.

R. 2891

A PASTORIZA

Anuncio

EDICTO

Por Resolución da alcaldía de data 17 de outubro aprobáronse os padróns das taxas polo abastecemento de auga e por recollida de lixo e canon de saneamento do 2º trimestre do exercicio 2025.

Durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente anuncio no BOP os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación dos referidos padróns e as liquidacións incorporadas a eles poderase interpor recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A falla de pagamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do coeficiente de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 01/11/2025 e o 01/01/2026 ámbolos dous inclusive.

Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 02/11/2025. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

A presente publicación, ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

A Pastoriza, 17 de outubro de 2025.- O alcalde, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 2892